

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2020.

PRESIDENTE:

A alcaldesa en funcións, D^a. María
Gudalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Carlos Liñares Gestal
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTEN:

D.^a Marta María Iglesias Becerra
D.^a Marta María Figueroa Fuentes

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día tres de agosto do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Carlos Liñares Gestal, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asisten á sesión as Sras. concelleiras D.^a. Marta María Iglesias Becerra e D.^a. Marta María Figueroa Fuentes.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a, votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 27 de xullo de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 21 de xullo de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 153 do 31-07-2020.

- Anuncio do 10 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 11.07.2020 ás 12:00 horas. BOP núm. 118 do 29-07-2020.
- Anuncio do 22 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 26.07.2020 ás 13:30 horas. BOP núm. 118 do 29-07-2020.
- Anuncio do 22 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral- relativo á delegación de competencia para a celebración de matrimonio civil o día 24.07.2020 ás 18:00 horas. BOP núm. 118 do 29-07-2020.
- Anuncio do 28 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, -Economía, Facenda e Réxime Interior- relativo á exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 2º trimestre 2020. BOP núm. 120 do 31-07-2020.

2.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril procede á lectura do escrito da sra. Concelleira delegada de Urbanismo que transcrito di:

“ RESOLUCIÓN DO 09.07.2020

Concedendo a Promociones Inmobiliarias Iglesias, S.L., licenza municipal para a segregación da parcela coa referencia catastral número 9967513NH5906N0001PG, situada na avda. de Vilaboa, parroquia de Rutis (exp. UAU/2010/42).

COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 01 de xullo de 2020, a comunicación previa obras, presentada por J.L.V., para acondicionamento de local sen uso, situada na Avda. de Vilaboa, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/291).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 28 de xullo de 2020, a comunicación previa obras, presentada por B.S.G., para a instalación dunha piscina prefabricada de 6x3 mts. en parcela situada na Rúa Fraternidade, parroquia de Orro (exp. UAU/2019/315).”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
04/5/20	532	Conceder servizo municipal de axuda a domicilio	***356***	2 horas á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
29/06/20	808	Conceder unha axuda económica.	***939***	Pago de recibos de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019 e 1º e 2º trimestre de 2020. Pago de recibo de electricidade correspondente a 6 meses de 2020. Pago de recibo de gas correspondente a 6 meses de 2020. Bono de alimentos tipo A o o bono de hixiene tipo A, cunha periodicidade de dúas entregas ao mes durante tres meses.	1075€
24/07/2020	938	Conceder unha axuda económica.	***635***	Pago das cuotas da comunidade, correspondente a 17 cuotas de 60€ desde o mes de xullo de 2018 ata decembro de 2019 e 1 cuota de 30€ do ano 2020, .	
24/07/2020	939	Conceder unha axuda económica.	***048***	Para o pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro, marzo e abril de 2020 (280€/mes) e o mes maio de 2020 (235,68€).	1.075,68 €
24/07/2020	940	Conceder unha axuda económica.	***360***	Pago de aluguer, correspondente a 350€ dos meses de febreiro, marzo e abril e 25,68€ do mes de maio de 2020.	1075,68€

C.I.F. P-1503100-H

24/07/2020	941	Conceder unha axuda económica	***829***	Bono de alimentos tipo A e o bono de hixiene tipo A, durante cinco meses e cunha entrega bimensual.	
24/07/2020	942	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***814***	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020, Pago do recibo de luz, por correspondente ao período de 09 de marzo de 2020 a 02 de xullo de 2020.	64,71€ 210,40€
24/07/2020	943	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***114***	Pago recibo de electricidade de datas do 9 de xaneiro (72,42€), 6 de febreiro (66,20€), 2 de marzo (76,81€), 29 de marzo (65,45€), 30 de abril (70,99€), 31 de maio (59,77€) e 29 de xuño (57,06€) de 2020.	

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
05/05/20	534	Denegar a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por non ter dificultades graves de mobilidade que lle impidan o uso de transportes públicos.	***561***	
7/7/2020	865	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter	***250***	Ata o 06/12/2021

		PROVISIONAL		
7/7/2020	866	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***273***	10 anos

“

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e praxe
(asinado dixitalmente nesta data pola sra. Concelleira
delegada de Política Social e Promoción do Deporte
que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)